



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE XANEIRO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e tres de xaneiro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores .

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte de novembro do ano pasado e da acta da sesión extraordinaria do día dezoito de decembro, aprobándose ámbalas dúas por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG pola restitución nos seus cargos da Corporación destituída en xullo de 1936.

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que segundo o libro de actas do concello hai 77 anos, concretamente o 16/03/1936 procedeuse ao nomeamento da nova corporación, composta polos seguintes Sres: D. Celestino González Fuentes; D. Manuel Cebeiro Santos; D. Andrés Bouzón Álvarez; D. Francisco Morao Valdés; D. José Collazo Barco; D. José Abelleiro Alvela; D. Marcelino Cobas Parada; D. Ángel Rey Caldelas; D. Juan Gaitero Devesa; D. José Castro Crespo; D. Mariano Lema Lobato; D. Antonio Núñez Varela; D. José Mougan Neira e D. Francisco Picanes Alvela.

Catro meses despois, o 16 de xullo de 1936 figura no libro de actas o seguinte texto:



“Acta de nova constitución da Corporación municipal deste concello de Vedra.

No salón de reunións do concello de Vedra, a vinte e seis de xullo de mil novecientos trinta e seis, sendo as doce horas, reuníronse baixo a presidencia do Sr. Comandante Militar do Ulla, D. Jesús López Varela, e con asistencia do Sr. Alcalde, D. Angel Rey Caldelas, con obxecto de proceder á nova constitución da corporación municipal.

Acto seguido, polo devandito comandante militar Sr. López Varela, procedeuse a suspender á totalidade dos Srs. Concelleiros que compoñían a actual corporación,....”

Dende o convencemento de que a actual corporación ten adquirida unha débeda histórica coa corporación lexítima do ano 1936, entendendo que pasados corenta anos dende que rematou a ditadura e retornou a democracia e aínda non se realizou ningún acto de desagravio para cos concelleiros da corporación lexítima do ano 1936, e sendo conscientes de que aínda existen familiares dos concelleiros depostos, que conservan a memoria viva daqueles e que cando estes desaparezan, desaparecerán con eles o seu legado, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

1º.- Que o próximo 26 de xullo celebremos un pleno extraordinario, no que se restitúan simbolicamente nos seus cargos, aos membros da Corporación destituída naquel desgraciado mesmo día do 1936.

2º.- Que se curse unha invitación pública aos veciños para participar deste pleno, e de maneira especial, aos familiares e descendentes dos citados concelleiros

3º.- Que se coloque no exterior do concello, en lugar ben visible e de respecto, unha placa recordando o nome dos concelleiros da corporación lexítima de 1936, como acto de desagravio.

4º.- Que dende o concello, se solicite a colaboración dos colexios de Vedra, e se coordine unha unidade didáctica na que se recollan e expliquen os feitos acontecidos en Vedra en xullo de 1936.

O Sr. Pose do BNG recorda que a última vez que se falou destas persoas nun pleno do concello de Vedra, electos democraticamente, foi hai 78 anos no proceso de destitución por parte do Comandante militar Sr. López Varela, e hoxe 78 anos despois volven a estar aquí concelleiros electos, entre os cales, dous ou tres familiares en liña directa daqueles, concorrendo por calquera dos partidos políticos.

Expón que se trata dun acto de desagravio xusto, que o merecen os anteriores e os de hoxe e independentemente de calquera opción, hoxe pasarán a formar parte da historia de Vedra, dun xeito ou doutro, posto que están ligados 78 anos despois con aqueles concelleiros.

Di tamén que intenta que sexa aprobada por unanimidade, e así o entendeu coa solicitude de retirar o punto 4º (unidade didáctica), porque efectivamente ninguén está exento de ter unha liña de puro sangue, todos, por un lado ou por outro -di- están tocados polas dúas bandas da Guerra Civil, e poñer en mans dos nenos/as a dialéctica daqueles anos e poñerse a traballar con eles sobre deste tema pode resultar complicado, e se os docentes non son exquisitos no trato pode resultar molesto, por iso se isto vai permitir unha aprobación por unanimidade non dubida en retirar da moción este punto 4º.

Por último, sinala que esta moción está redactada dun xeito que non poida molestar a ninguén, só ese lazo de unión con aquelas persoas, indicando que antes de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



presentala consultou con xente que tiña algo que dicir, entre eles, docentes, facendo partícipes a todos os presentes dunha mensaxe remitida por un deles “paréceme unha boa proposta que dignifica un pobo, grazas e parabéns”, solicitando o voto favorable , de ser posible por unanimidade.

O Sr. Rogelio do PP di que apoiarán a moción porque consideran que é un acto de xustiza cos concelleiros democraticamente elixidos en marzo de 1936 e destituídos o 26 de xullo, especialmente entrañable para el pois entre eles estaban un tío e un avó del.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que o seu grupo súmase ao voto favorable.

O Sr. Alveta de TEGA expón que, como xa dixo na comisión, quere afastarse de toda a polémica porque a historia foi así e xa está escrita. Di tamén que, se unha moción como esta presentada polo BNG de revisión da historia, se presentase en moitos concellos de España, e os seus respectivos plenos as votasen do mesmo xeito que neste noso de Vedra, estaríamos volvendo a falar das dúas Españas, levantando vellas feridas moi fondas, é por iso polo que neste concello, onde polo menos dúas lexislaturas foron gobernadas polo PSdG-PSOE e BNG, non se lles ocorreu ata o de agora ter presentado ningunha moción neste senso.

Sinala tamén que a súa abstención nesta moción está fundamentada na defensa, ao igual que o fai a sociedade en xeral, e a maioría de partidos políticos e organizacións, que entenderon e aceptaron no seu conxunto, o compromiso ineludible que supuxo a transición política e a posterior Constitución, que tivemos a oportunidade de votar, e que é a Constitución de todos e para todos... alá cada quen cos seus compromisos e cos seus principios, conclúe dicindo.

O Sr. Pose pregúntalle ao Sr. Alveta que, tamén sen ánimo de polemizar, imaxinando unha situación futurible no País Vasco dentro de 78 anos, se gobernos do PP e do PSdG-PSOE formulasen dignificar nalgún concello aos concelleiros mortos ou que tiveron que saír de Euskadi durante o conflito vasco, que pensaría se algún partido político, PNV ou outro, tivese o seu mesmo discurso, a resposta sería que viviríamos nunha sociedade enferma, contestándolle o Sr. Alveta, que se en Euskadi se fixese realmente un punto e aparte, se houbese realmente vontade de arranxalo , se se fixese unha revisión final de acabar con todo tipo de terrorismo, seguramente non procedería, pero que as situacións para nada son comparables.

Sométese a votación a moción presentada coas emendas aceptadas, e apróbase con once votos a favor do PP, PSdG-PSOE e BNG e unha abstención de TEGA, quedando a parte dispositiva do seguinte xeito:

1º.- Que o próximo 26 de xullo celebremos un pleno extraordinario, no que se restituían simbolicamente nos seus cargos, aos membros da Corporación destituída naquel desgraciado mesmo día do 1936.

2º.- Que se curse unha invitación pública aos veciños para participar deste pleno, e de maneira especial, aos familiares e descendentes dos citados concelleiros



3º.- Que se coloque no exterior do concello, en lugar ben visible e de respecto, unha placa recordando o nome dos concelleiros da corporación lexítima de 1936, como acto de desagravio.

3º.- Aprobación, se procede, do convenio de colaboración para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.

Dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día vinte de xaneiro do ano que andamos:

“Dáse conta da proposta de convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago (A Estrada, Ames, Arzúa, Boqueixón, Brión, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces), que ten como obxectivos de colaboración os que de seguido se relacionan:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a promoción turístico-económica dos concellos asinantes.
- Realizar unha promoción turístico-económica de forma eficaz e eficiente.
- Minorar os custos antieconómicos da promoción turística illada.
- Ofrecer unha lectura territorial conxunta e coherente, máis alá dos límites municipais, imperceptibles para o turista.
- Dar resposta ás necesidades de promoción turística mediante unha axeitada planificación prevista.
- Valorar os recursos dispoñibles e optimizar os recursos preexistentes.

A Comisión de Asuntos Xerais informa favorablemente o citado convenio de cara á formalización dunha encomenda de xestión á sociedade pública municipal “Información e Comunicación Local S.A” dependente do Concello de Santiago e así mesmo facultar amplamente ao Sr. Alcalde -Presidente para xestionar todo o relacionado con este tema.”

O Sr. Costa do PP fai un pequeno resumo dos antecedentes deste convenio, expoñendo que a comezo da lexislatura iniciouse un traballo cun dobre obxectivo, por un lado a promoción turística do Entroido do Ulla, conxuntamente con oito concellos nos que na realidade segue vivo o Entroido, e séguese intentando que se sume Padrón, dando os seus froitos co recoñecemento como festa de interese turístico de Galicia. Paralelamente a isto, e por iso explica as dúas conxuntamente porque ámbalas dúas se interrelacionan e converxen, de feito figuran os mesmos concellos na área de Santiago porque estaban colaborando no tema do Entroido, intentouse aproveitar ese potencial de turismo que existe en Santiago, sen esquecer a súa propia poboación, para que visiten os concellos limítrofes e poidan deixar ingresos neles.

Signala tamén que nos comezos definiuse un plan de acción, que tiña como obxectivos ampliar e mellorar a información turística que existía, mellorar a visibilidade cun destino turístico, aumentar o valor engadido da oferta que xa existía e incrementar o número de visitantes. Durante este tempo definiuse un destino que é “Área de Santiago”, que se escolleu entre moitos por consenso, porque era un concepto que non existía, que se traducía igual en distintos idiomas, e non existía un dominio rexistrado para facer unha web, na que xa está subida moita información, existe unha axenda, unha



central de reservas, na que figuran unhas APPs que se poden descargar para o móbil de xeito gratuíto para que os visitantes dispoñan de información (onde comer, onde durmir,...) que de xeito individual para un concello sería moi custoso.

Dí que tamén se fixo un plan, que se presentou en Fitur (Madrid) nestes días, que recolle toda a zona coa diversidade de oferta (museos, praias fluviais, pazos, zonas de pesca, ...), que supón unha serie de vantaxes para todos os concellos tanto na promoción turística coma na súa proxección, coma no custo, que no caso de Vedra é bastante asumible, e ao mesmo tempo non impide que cada concello teña as accións de promoción que queira levar a cabo de xeito individual.

Por último expón que se chegou a un punto que para conseguir financiamento doutras administracións para a promoción cumpría unha forma xurídica, unha maneira de agruparse, que levou a este convenio, logo de negociacións cos técnicos e interventores dos distintos concellos, e do que espera obter o voto favorable de todos os grupos políticos do pleno.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE anuncia a abstención do seu grupo.

O Sr. Pose do BNG di que tamén se vai abster, porque despois das manifestacións un tanto misteriosas que fixo o Alcalde de Teo, e do pouco tempo que tivo para estudalo, e dado que non existe un mecanismo definitivo de xestión, nin de financiamento, nin unha estrutura orgánica, real, nin criterios de traballo, e para poder votar a favor tería que dispor de máis tempo para estudalo en profundidade.

O Sr. Alvela de TEGA expón que ata o de agora os consorcios e convenios que se asinaron non trouxeron algo resolutivo realmente, todo o contrario nalgún caso, como pasou coa Comarca de Santiago cando aprobou a ordenanza fiscal reguladora da taxa do lixo, que supuxo un incremento considerable, se ben neste tema di que hai que dalo por ben empregado sempre se pode obter algo. Outra cousa é o custe que ten, pero se a achega municipal non é en si moi importante cre que todo o que pode traer é ben, polo que votará a favor do mesmo.

O Sr. Costa quere matizar con respecto ao manifestado polo voceiro do BNG, que non pode entrar no que expuxo o Sr. Martiño Noriega, se ben é un pouco chocante, porque os seus concelleiros e técnicos estiveron nas distintas reunións celebradas, nas que na maioría dos casos existiu consenso, e incluso en determinados temas, como pode ser a pesca, quen levou a voz cantante foi Teo, polo que ao seu entender trátase dunha postura política.

Dí que en canto ao tempo, existiu altura de miras, o obxectivo era que superase os partidos que gobernan e que tivese unha estabilidade, por iso está redactado dende un punto de vista técnico, por técnicos dos distintos concellos, e que incluso había máis concellos que querían adherirse a el.

O Sr. Pose manifesta que se abstén porque non tivo tempo para estudalo en profundidade.

O Pleno, con sete votos a favor do PP e TEGA e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG, que representa a maioría absoluta legal dos membros da corporación, acorda aprobar o citado convenio



4º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG contra a suba nas tributacións das persoas autónomas e pequenas empresas.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido o Sr. Pose do BNG expón que se trata dunha moción de partido, que vén dunha situación real, que están a padecer as pequenas empresas e os autónomos, agravada por unha normativa que aprobou o goberno no mes de decembro, de feito moitos alcaldes, incluso do PP, están a presentar mocións nos distintos concellos de Galicia.

Di que esa normativa que se vén de aprobar non responde á lóxica de ningún tipo, posto que non se pode entender que se gañan menos de 42.000 euros teñen que tributar por calquera cousa e se gañan máis non, cando o normal sería o contrario; e máxime cando hai un montón de financiamento para as empresas grandes, e ao final o tecido produtivo do país mantéñeno as pemes e os autónomos, polo que solicita a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- Demandar do Goberno do Estado un posicionamento contrario a calquera suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.

2º.- Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas lexislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga o fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

3º.- Pór en práctica políticas activas de emprego en Galicia, como mellor mecanismo para garantir a sostibilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerables para a obtención de emprego.

O Sr. Lema do PP di que como a moción se presentou por urxencia non houbo tempo para estudala previamente na comisión informativa, non obstante vistos os acordos anuncia o voto favorable do seu grupo, cunha pequena consideración en canto ao solicitado no punto 2º, en vez de “...que grave ás grandes fortunas e grandes empresas...”, que figure “...grandes fortunas e sobre dos beneficios empresariais”, porque non necesariamente o tamaño da empresa debe influír no que se paga fiscalmente, xa que ao mellor grandes empresas de sectores estratéxicos non teñen demasiados beneficios e sen embargo outras de menor tamaño si obteñen importantes beneficios e deberían pagar por eles, e por outra banda a exposición de motivos da moción suscita dúbidas, como por exemplo cando se fala do incremento da base mínima para os autónomos, porque é unha arma de dobre fío porque pode ter repercusións importantes sobre das pensións futuras, polo que se pode pasar dela e pasar directamente aos acordos.

O Sr. Pose está de acordo con eliminar a exposición de motivos e aprobar os acordos coa excepción apuntada polo PP en canto á fiscalidade das empresas que teñan beneficios.



Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que o seu grupo votará a favor da moción, porque o certo é que ese incremento na tributación non fai máis que afondar na desigualdade ,e incídese sempre sobre os mesmos.

O Sr. Alvela de TEGA di que tamén vai apoiala porque o tema dos autónomos e das pequenas empresas non ten nada que ver coa cotización do réxime xeral.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda:

Instar á Xunta de Galicia a:

1º.- Demandar do Goberno do Estado un posicionamento contrario a calquera suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.

2º.- Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas lexislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e aos beneficios empresariais, persiga o fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.

3º.- Pór en práctica políticas activas de emprego en Galicia, como mellor mecanismo para garantir a sostibilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerables para a obtención de emprego.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Á pregunta do BNG sobre da baixada de soldos das empregadas da gardería municipal, a Presidencia procede á lectura da contestación remitida pola empresa concesionaria, na que indican que a rebaixa no caso da escola infantil de Vedra non foi dun 10%, senón dunha media do 5,1%, que se acordou coas traballadoras nas distintas asembleas, como media provisional para evitar ERES ou redución de contratos mentres non se adopte unha solución regulamentaria á situación actual.

Indican tamén na mesma contestación que no caso da escola infantil de Vedra a baixada fundaméntase no equilibrio económico da xestión da mesma, baseándose nos ingresos e gastos dos anos 2012 e 2013 e co obxectivo do mantemento dos postos de traballo, que grazas a esta redución púidose mudar a situación negativa de 4441,29 euros de perdas en 2012 a un resultado positivo de 723,93 euros; ademais da crise que supuxo unha rebaixa dos ingresos, a pesares do incremento nun 2,15% das taxas, debido á baixa dun 19,2% de usuarios de 8 horas, nun 17,4% no comedor e no incremento de exentos no pagamento do mesmo. Din ademais que a outra opción, de reducir contratos e horarios, é inviable debido ao amplo horario de apertura da escola de 7:30 a 20:00 horas e á ratio educadores/unidade establecido pola lexislación vixente.

Por último, indican que outro dos motivos da baixa é a falta de liquidez da empresa debido ao retraso no pago por parte do concello das facturas, que obrigan á empresa a acudir as entidades bancarias para descontalas.

A Presidencia anuncia que o concello evidentemente vai facer as súas matizacións á contestación remitida, posto que por un lado contradínse no tocante ao desconto das facturas nas entidades bancarias; e por outro o retraso, xa viña de anos pasados, porque durante esta lexislatura pagáronse tantos meses como servizos prestados, e a finais do ano o período de pago baixou a 90-120 días. Sinala ademais que se algún concelleiro quere copia do escrito remitido pola empresa que o solicite.



O Sr. Pose solicita copia do escrito remitido pola empresa e as matizacións que lle faga o concello.

--Á pregunta do BNG sobre dos criterios da Deputación para o reparto de determinadas subvencións, como unha furgoneta e a construción dunha senda peonil en San Fins, a Presidencia contéstalle que os criterios ten que preguntárllelos á Deputación, e que o criterio de calquera Alcalde é solicitar subvencións, axudas e convenios ás distintas administracións e pelexar para conseguilas, como se fixo en gobernos anteriores, agradecéndolle á Deputación a concesión destas dúas.

---Á pregunta de TEGA sobre da domiciliación dos recibos dos impostos que recada a Deputación, di que ese tema xunto con outros se estudará na vindeira Xunta de Voceiros, que entre todos se estudarán as alternativas, e en funcións das vantaxes e problemas para o concello e os veciños se adoptará a mellor solución posible.

6º.- Rogos e preguntas

-- Dona Lucía González do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Como quedou a cifra de poboación do concello despois das xuntanzas polas parroquias e dos traballos de actualización, contestándolle a Presidencia que ata o mes de marzo non rematan os traballos de comparación de ficheiros, se ben a finais de ano tiñamos un total de 5080 persoas empregadas.

2º.- En que estado está a demanda interposta polo extraballador municipal, don Pablo Fragoso, posto que tiña anunciado que o concello ía recorrer a sentenza. Existe fallo sobre do recurso? O traballador xa recibiu a indemnización? De onde se van retraer eses fondos?

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- No borrador da Xunta de Goberno do 26/12/2013 aprobouse unha factura de Construcciones Boqueixón, S.L por importe de 1.808 euros pola construción dun abanico de entrada á pista en Paradela. Di que alí non se ve ningún abanico, o que si existe é a construción dun muro que posteriormente se tirou, pregunta se esta factura foi para construír ese muro que posteriormente se tirou.

2º.- Con respecto ao contestado no último pleno ordinario á pregunta do Sr. Pose sobre do pagamento do comedor no CPI de Vedra con respecto aos nenos de Santiago, di que baixo o seu punto de vista fixo unha defensa sobre da situación actual, que semella que lle parece que poucas familias pagan e fai unha comparativa cos colexios de Santiago, onde os comedores están xestionados polas ANPAs. Porque evidentemente dado o acordo adoptado pola Consellería de Educación hai tempo, cando pecharon as unitarias, de que os nenos transportados de máis de 2 quilómetros de distancia do centro, tiñan dereito a transporte e comedor gratuítos, e agora a Xunta cárgase este acordo, sendo a única comunidade autónoma que o fai, e decide que hai que pagar o comedor, sen outra opción. Por iso quere darlle ao Sr. Alcalde a oportunidade de rectificar o apoio que no seu día fixo á moción presentado polo Sr. Pose do BNG.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



--O Sr. Pose do BNG di que con respecto ao muro de San Xián, e dado que examinado o expediente, levouse a cabo cando o Sr. Alcalde estaba de viaxe na Arxentina, e tirouse cando el volveu, pregunta se a toma de decisión de construílo nesa aliñación foi feita con coñecemento do Alcalde ou foi algo debido que á súa chegada se corrixiu.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.